


**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 06/03/2020 14:13:11

**SAIDA 3144/20**




Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 5/2020**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por  mediante escrito do 7 de xaneiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2020, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 7 de xaneiro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de obtención de copia dos expedientes administrativos tramitados no Concello do Incio, relativos ao Parque Eólico Singular do Incio, seus accesos e liña de evacuación, os informes remitidos polo Concello a outras administracións ou particulares relativos ao dito parque, os seus accesos e liña de evacuación.

O reclamante indicaba que transcorrido o prazo máximo dun mes non recibiu resposta á súa solicitude nin notificación algunha.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data 10 de xaneiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello do Incio para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 13 de xaneiro de 2020.

**Terceiro.** Con data 28 de xaneiro de 2020 Concello do Incio contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data 16 de xaneiro de 2009 constituíuse unha sociedade de responsabilidade limitada denominada Parque Eólico do Incio, SL., na que o Concello do Incio participaba cun 51%, e cuxo obxecto era a promoción, construción e explotación dun parque eólico singular neste concello. Do acordo do pleno de 8 de abril de 2016, despréndese que esta actuación prevista non chegou a iniciarse por mor de "a parálise dos proxectos de enerxía eólica co fin das primas ás renovables. A disolución da sociedade prevista non foi executada polo que a entidade sigue existindo, aínda que non funcione, en espera dunha eventual reactivación dos proxectos de enerxía eólica con apoio ás enerxías renovables. Nesta situación non existe proxecto da instalación nin expediente ningún de licencia.

O Concello xunta copia da escritura de constitución da sociedade, do acordo do pleno de 8 de abril de 2016 e certificación do acordo de 24 de setembro de 2019 referido ao dito parque eólico.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión



da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello do Incio non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O ██████ solicitou do Concello do Incio o acceso a unha documentación que debemos considerar como información pública, xa que se trata de obtención de copia dos expedientes administrativos tramitados no Concello do Incio, relativos ao Parque Eólico Singular do Incio, seus accesos e liña de evacuación, os informes remitidos polo Concello a outras administracións ou particulares relativos ao dito parque, os seus accesos e liña de evacuación. e á que, de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, o interesado ten dereito de acceso.

O Concello remite co seu informe, a documentación que consta no expediente, e na que se acredita a constitución dunha sociedade de responsabilidade limitada na que o Concello participa e cuxo obxecto era a promoción, construción e explotación do parque eólico. Así

mesmo, remite un acordo do que se desprende que a actuación prevista non chegou a iniciarse e que estando prevista a disolución da sociedade, esta non chegou a disolverse.

Na documentación remitida polo Concello, que se debe entender que é toda a documentación que consta no mesmo referida á Parque Eólico singular do Incio, non consta que se lle remitira ao solicitante. De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada, debendo o Concello remitir a documentación ao interesado e no formato solicitado.

O Concello do Incio non resolveu a solicitude de acceso á información do [REDACTED] polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 7 de xaneiro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de obtención de copia dos expedientes administrativos tramitados no Concello do Incio, relativos ao Parque Eólico Singular do Incio, os seus accesos e liña de evacuación, os informes remitidos polo Concello a outras administracións ou particulares relativos ao dito parque, os seus accesos e liña de evacuación.

**Segundo:** Instar a Concello do Incio, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Concello do Incio, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

76706870F	Firmado digitalmente por
MARIA DOLORES	76706870F MARIA
FERNANDEZ (R:	DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)	S6500009C)
	Fecha: 2020.03.06 13:18:26
	+01'00'

**María Dolores Fernández Galiño**  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**